

PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO PARA A XUSTIFICACIÓN DAS INCORPORACIÓNS DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2017 AO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2018.

Esta Xerencia, co fin de simplificar o trámite administrativo das incorporacións de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018, acorda publicar un procedemento que describa de xeito pormenorizado a documentación xustificativa que debe achegarse con cada solicitude de incorporación de crédito.

Este procedemento axústase ao documento complementario das *Bases de execución do orzamento para o ano 2017, Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos do 2018* así como a *Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia*.

Establécense 2 tipos de procedementos de incorporacións: o abreviado e o ordinario.

1º.- Procedemento abreviado

Este procedemento abreviado aplicarase aos proxectos que se detallan no anexo I que se acompaña, correspondentes a:

- Proxectos nacionais.
- Actuacións de Infraestruturas.
- Proxectos europeos.

Os créditos incorporaranse mentres estean vixentes os proxectos, persista o dereito á percepción do ingreso que os financia, ou para proceder a devolución do remanente non executado unha vez rematada a axuda. Serán obxecto de incorporación os que correspondan a créditos que non acadasen a fase de recoñecemento da obriga a 31/12/2017.

Con respecto á económica 649.02.00 "persoal", e unha vez se paguen os compromisos da Seguridade Social de decembro tramitarase a incorporación dos saldos que, de ser o caso, resulten de acordo co establecido neste procedemento abreviado e nos prazos do apartado 2-c.2).

a) A partir do día 15/12/2017 non se poderán efectuar tramitacións administrativas que afecten aos créditos das partidas relacionadas no anexo I (non será posible efectuar reservas de crédito ou contabilización de expedientes de gasto en calquera das súas fases).

b) A incorporación realizarase na económica principal de cada proxecto (649.02), agás que existan compromisos de gastos fiscalizados con cargo a outro subconcepto.

A partir do 15/12/2017, os Negociados de Asuntos Económicos ou responsables da tramitación dos expedientes (en adiante NAAEE) efectuarán as operacións necesarias para que os saldos de crédito figuren na económica 649.02.

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	14/12/2017 13:24:41
Observacións		Páxina	1/34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==		



Os gastos autorizados (fase "A") e os compromisos (fase "D"), que correspondan a expedientes de gasto debidamente fiscalizados polo Servizo de Intervención, continuarán na económica que corresponda (para que todos os créditos a incorporar consten na situación contable axeitada para proceder a súa incorporación –autorizado, comprometido, ou saldo de crédito- os NAAEE deberán proceder a anular as reservas de créditos, RCs, documentos "A" ou compromisos de gasto non fiscalizados polo Servizo de Intervención).

O día 20/12/2017 os NAAEE deberán enviar ao Servizo de Investigación a "Situación de créditos por centros" e o "informe de saldos por partida" (módulo Avance), de UXXI-EC, das partidas afectadas pola incorporación (o envío efectuarase por correo electrónico ao seguinte enderezo electrónico: proxectos@udc.es).

c) O Servizo de Investigación verificará os importes dos remanentes non executados para incorporar no exercicio de 2018, ben para continuar coa execución do proxecto ou ben para reintegrar ao organismo financiador.

d) O día 22/12/2017 a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia (en diante VPCIT), remitirá ao Servizo de Intervención a relación de proxectos do anexo I cos importes a incorporar, asinada polo Servizo de Investigación e conformada polo VPCIT, acompañada da 1ª folla da "situación de créditos por centros" de UXXI-EC, facilitada por cada NAAEE, de cada un dos proxectos.

e) O Servizo de Intervención fiscalizará e trasladará, non máis tarde do 29/12/2017, esta relación ao Servizo de Xestión Financeira que procederá, nos primeiros días do exercicio 2018, á incorporación das contías que correspondan en cada aplicación. O Servizo de Xestión Financeira notificará á VPCIT e á Xerencia o remate do proceso de incorporación.

f) Unha vez efectuadas as incorporacións, o Servizo de Xestión Financeira comunicará aos NAAEE que revisen as contías incorporadas. Calquera incidencia comunicarse ao Servizo de Investigación por correo electrónico a proxectos@udc.es, para, de ser o caso, efectuar as oportunas correccións.

As incorporacións abreviadas realizaranse nas mesmas aplicacións nas que figuraron os remanentes do exercicio anterior e de acordo coa *R.R. do 01/12/2016, que modifica os códigos orgánicos do centro de gasto 0500, dos Institutos Universitarios e Centros Tecnolóxicos.*

A partir do 15/01/2018, os créditos incorporados estarán dispoñibles e será posible tramitar expedientes de gasto con cargo a estes créditos.

g) Unha vez efectuada a incorporación do crédito no orzamento de gastos do exercicio económico de 2018, e no caso de que o crédito a incorporar do exercicio 2017 acadase unha fase contable, deberá confeccionarse un documento contable para o exercicio de 2018 coa mesma fase que acadou ese crédito no exercicio de 2017.

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	14/12/2017 13:24:41
Observacións		Páxina	2/34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==		



Este documento remitirase ao Servizo de Intervención nun prazo, nunca superior, a sete días hábiles, que contarán desde o día seguinte no que a incorporación se recolla no estado de situación de créditos. A este documento contable do exercicio 2018 unirase a copia do documento contable do 2017 así como o estado da "situación de créditos por centros", de UXXI-EC, no que estea consignada a incorporación.

h) A actualización contable dos expedientes de gastos para xustificar polo Servizo de Investigación antes do 31/03/2018, remitirase ao Servizo de Intervención, nun prazo improrrogable de cinco días hábiles, contados desde o seguinte á incorporación do crédito.

A fiscalización e pagamento destes expedientes tamén será prioritaria. Con este fin cómpre tramitalos individualizadamente coa indicación de "gastos para xustificar polo Servizo de Investigación antes do 31/03/2018".

2º.- Procedemento ordinario

a) O prazo ordinario de solicitude de incorporacións será do 2 ao 31 de xaneiro de 2018, agás os expedientes afectados polas situacións específicas mencionadas nos parágrafos C) e D) deste procedemento.

b) A tramitación dos expedientes de incorporación adecuarase ao establecido nas *Bases de execución do orzamento 2017*, e así, confeccionarase un único anexo II por centro de gasto e capítulo. Este anexo II dirixido ao/á xerente/a, será ao mesmo tempo o oficio de remisión.

c) As xustificacións ás que se refire este procedemento serán para os expedientes individualizados de cada crédito, sendo obrigatorio e imprescindible, tal e como se dispón nas Instrucións¹ que, cada centro de gasto que xestiona créditos orzamentarios, remita por centro e capítulo, segundo modelo (anexo II), a relación detallada de todas as partidas orzamentarias das que se solicita a incorporación, coa indicación do concepto e importe para incorporar en cada unha delas, asinado polo/a director/a do centro de gasto.

O feito de non adecuarse a esta normativa podería invalidar a tramitación das incorporacións.

1. As incorporacións ao exercicio de 2018 dos créditos tramitados polo procedemento de incorporación anticipada, tramitaranse conforme co procedemento establecido na *Resolución do 13/12/2017 pola que se dita a instrución para a tramitación anticipada de incorporación de crédito ao próximo exercicio, para a tramitación dos expedientes de gasto financiados con créditos incorporables e que se inicien ao comezo de cada exercicio*, publicada no TEO con data do 14/12/2017.

2. Unha vez contabilizada e pagada a Seguridade Social do mes de decembro, procederase

¹ Bases de execución de 2017. Documento complementario I : "Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos do exercicio económico de 2018".

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	14/12/2017 13:24:41
Observacións		Páxina	3/34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==		



á incorporación dos saldos que, de ser o caso, resulten na económica 649.02.00 "persoal". O prazo destas solicitudes será do 16 ao 31 de xaneiro de 2018.

3. Nas incorporacións de crédito tramitadas nesta segunda fase darase prioridade ás que afecten aos fondos finalistas de proxectos de investigación que leven na suborgánica o código "21" e correspondan a expedientes de gasto que se xustificarán polo Servizo de Investigación durante o primeiro trimestre de 2018. Estas solicitudes tramitaranse de forma separada, coa indicación de que se trata de gastos para xustificar antes do 31 de marzo de 2018.

d) A dirección do centro de gasto e os/as responsables dos NAAEE do centro evitarán que se produzan duplicidades nas solicitudes de incorporacións.

e) Unha vez efectuada a incorporación do crédito no orzamento de gastos do exercicio económico 2018, e no caso de que o crédito para incorporar do exercicio 2017 acadase unha fase contable, deberá confeccionarse un documento contable para o exercicio de 2018 coa mesma fase que acadou ese crédito no exercicio de 2017.

Este documento remitirase ao Servizo de Intervención nun prazo, nunca superior, a sete días hábiles, que comezarán a contar desde o día seguinte ao que a incorporación se recolla no estado de situación de créditos.

Ao documento contable do exercicio 2018, unirase a copia do documento contable de 2017, así como o do estado de "situación de créditos por centros" de UXXI-EC, no que estea consignada a incorporación.

No caso de que o importe da contía incorporada non coincida co/s documento/s confeccionado/s xustificarse o porqué da diferenza. En todo caso o texto libre do documento contable deberá recoller a data da incorporación e o obxecto do gasto.

f) A actualización contable dos expedientes de gastos para xustificar polo Servizo de Investigación antes do 31/03/2018, remitirase ao Servizo de Intervención, nun prazo improrrogable de cinco días hábiles, contados desde o día seguinte á incorporación dos créditos.

A fiscalización e pagamento destes expedientes tamén será prioritaria. Con este fin cómpre tramitalos individualizadamente coa indicación de "*Gastos para xustificar polo Servizo de Investigación antes do 31/03/2018*".

g) Rematado o prazo de incorporacións, con data do 31/01/2018, non se tramitará ningunha incorporación de créditos.

h) No caso de que unha vez tramitado/s o/s expediente/s de gasto, obxecto da incorporación de créditos, subsista algún saldo, deberá anularse e compensarse de inmediato.

i) No caso de que por aplicación da *Resolución da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía*,

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	14/12/2017 13:24:41
Observacións		Páxina	4/34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==		



Infraestruturas e Sustentabilidade, de 17/7/2017, de clasificación económica dos gastos dos capítulos II, III, IV, V e VI e das instrucións que se diten en desenvolvemento desta Resolución, a codificación correspondente a/s aplicación/s de orixe sexa diferente á que corresponda no orzamento do novo exercicio 2018, unha vez efectuada a incorporación e antes de empezar a tramitar os expedientes de gasto, deberá estar o crédito na nova aplicación que corresponda.

Esta modificación efectuarase redistribuíndo o crédito dende a partida incorporada a nova partida. No campo descrición do documento contable en UXXI-EC indicárase obrigatoriamente o seguinte texto: “redistribución por aplicación da Resolución de 17/07/2017”.

A Coruña, 14 de decembro de 2017

O xerente
 P.S. A vicexerenta
 (R.R. do 12/01/2016)

Yolanda Calaza Parajes

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	14/12/2017 13:24:41
Observacións		Páxina	5/34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==		



**1.- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS
SUPLEMENTOS DE CRÉDITO**

- Que se concedesen no mes de novembro e decembro de 2017 e que, por causas xustificadas, non puidesen ser utilizados durante este período.

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018*.
- 2) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

**2.- TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO
XERACIÓNS DE CRÉDITO**

- Con financiamento externo.
- Que se concedesen no mes de novembro e decembro de 2017 e que, por causas xustificadas, non puidesen ser utilizados durante este período.

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018*.
- 2) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	14/12/2017 13:24:41
Observacións		Páxina	6/34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==		



3.- CAPÍTULO I "GASTOS DE PERSOAL"

- Soamente para os créditos correspondentes á Seguridade Social (concepto 160) do mes de decembro de 2017, os gastos sociais (concepto162), e o remanente do persoal de apoio (130.04).

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018*.
- 2) Copia dos documentos contables en fase D fiscalizados, ou, relación emitida polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Consulta por documentos validados**" para os créditos correspondentes á Seguridade Social (160) do mes de decembro de 2017. Para as aplicacións de gastos sociais (162) non procede a xustificación da fase D.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

4.- CAPÍTULO II "GASTOS EN BENS E SERVIZOS CORRENTES"

- Os créditos dispoñibles con data do 31/12/2017 non se incorporarán.
- **Excepcións:** os **mestrados, os cursos de especialización e outros cursos e actividades** con vixencia no presente exercicio e no vindeiro con financiamento finalista.
- **Excepcións:** as **cátedras** con convenio vixente no próximo exercicio de 2018, que financie a actividade (e o de creación).

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018*.
- 2) No caso no que proceda, xustificarse o financiamento finalista (contrato, convenio ou subvención vixentes). Ademais debe achegarse unha memoria económica dos exercicios afectados, recollendo o balance de ingresos e gastos do exercicio anterior e a previsión de ingresos e gastos para o exercicio vixente.
No caso das cátedras, deberá achegarse o convenio, e, se procede, a addenda da vixencia.
- 3) Copia dos documentos contables en fase D fiscalizados, ou, relación emitida polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Consulta por documentos validados**" nos casos que proceda.
- 4) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==	Estado	Asinado	Data e hora	14/12/2017 13:24:41
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Páxina	7/34		
Observacións					
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==				



**5.- CAPÍTULO IV "TRANSFERENCIAS CORRENTES".
BOLSAS E AXUDAS**

- Que acadasen a fase contable "D"

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018*.
- 2) Copia dos documentos contables en fase "D", que se correspondan coa incorporación solicitada, fiscalizados antes do 31/12/2017, ou, relación emitida polo sistema informático UXXI-EC I Módulo Docuconta: "**Consulta por documentos validados**" non pagados.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse

**6.- CAPÍTULO IV "TRANSFERENCIAS CORRENTES".
BOLSAS E AXUDAS**

- **Excepcionalmente**, poderán incorporarse os créditos que só acadaron a fase da autorización (fase A) sempre que se xustifiquen as razóns desta situación.
- **Excepción 1.ª:** as **bolsas** que estean ligadas a actuacións singulares financiadas con cargo ao exercicio corrente, pero que se estenden máis aló del, e, as **axudas** de proxectos Erasmus+ e doutras axudas con financiamento alleo, imputadas ao capítulo IV que se incorporarán nas condicións que estableza a normativa reguladora de cada financiamento e a normativa orzamentaria de aplicación (no expediente acreditarase a procedencia da incorporación).

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018*. Xustificarase nesta certificación a singularidade da bolsa, e o motivo polo que estando financiada no exercicio corrente, se estende ao exercicio económico de 2018.
- 2) Copia dos documentos contables en fase "A" fiscalizados antes do 31/12/2017, unindo a copia da convocatoria². É imprescindible que figure a data en que foi publicada.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==	Estado	Asinado	Data e hora	14/12/2017 13:24:41
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Páxina	8/34		
Observacións					
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==				



**7.- CAPÍTULO IV "TRANSFERENCIAS CORRENTES".
BOLSAS E AXUDAS**

- **Excepcionalmente**, poderán incorporarse os créditos que só acadaron a fase de autorización (fase A) sempre que se xustifiquen as razóns desta situación.
- **Excepción 2.^a**: as **bolsas** que acadando a fase de autorización (A) non acadasen a fase de compromiso de gasto (D), por non estar resolta a convocatoria, sempre que a dita convocatoria fose publicada no exercicio de 2017, e prevalezan as mesmas condicións no exercicio de 2018.

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018*, na que deberán constar as razóns polas que non se acadou a fase D de compromiso de gasto no exercicio de 2017.
- 2) Copia dos documentos contables en fase "A" fiscalizados antes do 31/12/2017, copia da convocatoria² e data na que foi publicada. Deberá xustificarse que no exercicio de 2018 prevalecen as mesmas condicións da convocatoria que deron orixe ao documento contable "A", e que se continuará co documento "D" de compromiso de gasto no 2018 (sen que teña que modificarse a convocatoria).
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

**8.- CAPÍTULO IV "TRANSFERENCIAS CORRENTES"
BOLSAS E AXUDAS**

- **Excepcionalmente**, poderán incorporarse os créditos que só acadaron a fase de autorización (fase A) sempre que se xustifiquen as razóns desta situación.
- **Excepción 3.^a**: as **bolsas** que, atopándose en fase de autorización (A), constitúan remanentes que terán que devolverse á entidade concedente.

Xustificación:

- 1) Solicitud do/a responsable do crédito para incorporar, na que deberá constar que a cantidade que se vai incorporar é para a súa devolución á entidade que financiou as bolsas.
- 2) Copia dos documentos contables en fase "A" fiscalizados antes do 31/12/2017, copia da convocatoria² e data en que foi publicada.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==	Estado	Asinado	Data e hora	14/12/2017 13:24:41
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Páxina	9/34		
Observacións					
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==				



9.- CAPÍTULO VI "INVESTIMENTOS REAIS"
Infraestrutura e equipamento

- Aplicarase a norma xeral (fase D).

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018*.
- 2) Copia dos documentos contables en fase D fiscalizados, ou, relación emitida polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Consulta por documentos validados**".
No caso de créditos correspondentes a fondos finalistas daráselles o tratamento previsto no punto 11 para os créditos de investigación.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

**10.- CAPÍTULO VI "INVESTIMENTOS REAIS"
CRÉDITOS DE INVESTIGACIÓN**
Fondos bibliográficos e documentais

- Aplicarase a norma xeral (fase D).

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018*.
- 2) Copia dos documentos contables en fase D fiscalizados, ou, relación emitida polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Consulta por documentos validados**".
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes		Asinado	14/12/2017 13:24:41
Observacións			Páxina	10/34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==			



11.- CAPÍTULO VI "INVESTIMENTOS REAIS" CRÉDITOS DE INVESTIGACIÓN

Fondos de investigación

- Departamentos
- Terceiro ciclo
- Grupos de investigación
- Institutos Universitarios
- Unidades de investigación
- Títulos propios
- Premios investigación
- Reparto fondos de investigación
- Escola Internacional de Doutoramento
- SAI
- Centros Tecnolóxicos (CITEC, CITIC, CICA, CIT)

- 1) Poderán incorporarse ao crédito do exercicio de 2018 só os remanentes do exercicio de 2017, agás o crédito procedente da aplicación orzamentaria "Fondos de financiamento a grupos de investigación, unidades e investigadores individuais" (649.10) que se poderá incorporar aos dous exercicios seguintes ao da súa concesión (punto 6, base 12.^a das *Bases de execución do orzamento de 2017*).

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018.
- 2) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes		Asinado	14/12/2017 13:24:41
Observacións			Páxina	11/34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==			



12.- CAPÍTULO VI "INVESTIMENTOS REAIS" CRÉDITOS DE INVESTIGACIÓN

Proxectos de investigación (SE NON ACADARON A DERRADEIRA ANUALIDADE)

- Poderán incorporarse os remanentes de crédito sempre que as condicións do proxecto o permitan.
- A tramitación adecuarase ao establecido no capítulo VI do apartado b) deste procedemento.
- As incorporacións de créditos dispoñibles dos proxectos de investigación faranse desde as partidas onde exista dispoñibilidade con data do 16/01/2018. Polo tanto, se se desexa tramitar a incorporación desde a partida 649.02, será necesario transferir os créditos afectados a esa partida antes desa data. En caso contrario, tramitaranse as incorporacións desde as diferentes partidas abertas, coas correspondentes restricións ás modificacións orzamentarias dos créditos incorporados.

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018*.
- 2) Achegarase unha copia do proxecto³, no que deberá constar que terá vixencia no exercicio de 2018.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	14/12/2017 13:24:41
Observacións		Páxina	12/34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==		



13.- CAPÍTULO VI "INVESTIMENTOS REAIS" CRÉDITOS DE INVESTIGACIÓN

Proxectos de investigación (SE ACADARON A DERRADEIRA ANUALIDADE)

- Poderán incorporarse os remanentes de crédito en caso de prórroga ou para a devolución de remanentes.

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018*.
- 2) Copia da prórroga concedida polo organismo ou entidade que o financiou, na que deberá constar que se amplía o prazo de execución ao exercicio de 2018, e admita a xustificación dos gastos xerados durante esta ampliación. No caso de que non se poida xustificar a prórroga non será posible a súa incorporación, agás que a solicitude de incorporación sexa para a súa devolución, circunstancia que deberá facerse constar na certificación (apartado 1).
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

14.- CAPÍTULO VI "INVESTIMENTOS REAIS" CRÉDITOS DE INVESTIGACIÓN E OUTROS CON FINANCIAMENTO ALLEO

Contratos de investigación e convenios con financiamento alleo.

- Se non acadou a derradeira anualidade.
- Poderán incorporarse os remanentes de crédito, sempre que as condicións do convenio non o impidan. Deberá acreditarse no expediente que os fondos son incorporables e que o financiamento recibido permite a incorporación ao exercicio 2018.

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018*, acreditando que os créditos son incorporables.
- 2) Achegarase copia do convenio, no que deberá constar que terá vixencia no exercicio de 2018.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	14/12/2017 13:24:41
Observacións		Páxina	13/34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==		



15.- CAPÍTULO VI "INVESTIMENTOS REAIS" CRÉDITOS DE INVESTIGACIÓN

Convenios e Contratos de investigación

- Se acadou a derradeira anualidade.
- Poderán incorporarse os remanentes de crédito, sempre que as condicións do convenio non o impidan. Deberá acreditarse no expediente que os fondos son incorporables e que o financiamento recibido permite a incorporación ao exercicio 2018.

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018* acreditando que os créditos son incorporables.
- 2) Copia da prórroga ou xustificación na que conste que non existe oposición por ningunha das partes asinantes á extensión da vixencia ao ano 2018. No caso de que non poida xustificarse a prórroga non será posible a súa incorporación, agás que a solicitude de incorporación sexa para a súa devolución, circunstancia que deberá facerse constar na certificación (apartado 1).
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

16.- CAPÍTULOS VII, VIII e IX "TRANSFERENCIAS DE CAPITAL", "ACTIVOS FINANCEIROS" E "PASIVOS FINANCEIROS"

- Aplicarase a norma xeral (fase D)

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018*.
- 2) Copia dos documentos contables en fase D fiscalizados, ou, relación emitida polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Consulta por documentos validados**".
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes		Asinado	14/12/2017 13:24:41
Observacións			Páxina	14/34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==			



**17.- CAPÍTULO VI "INVESTIMENTOS REAIS"
CRÉDITOS DE INVESTIGACIÓN**
Programas de Recursos Humanos (FPI, FPU, Ramón y Cajal.....)

- Poden incorporarse os remanentes de crédito sempre que as condicións do programa o permitan.
- A tramitación adecuarase ao establecido no punto 3 da base 12 das *Bases de execución do orzamento de 2017*.

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2018 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2017 ao orzamento de gastos de 2018*.
- 2) Copia do programa⁴, no que deberá constar que ten vixencia no exercicio de 2018.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2018 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

NOTAS:

² A copia da convocatoria ten que estar asinada polo/a responsable do crédito. Non é necesario que acheguen o texto integro da convocatoria, tan só aquelas follas que conteñan os datos que fundamenten a incorporación.

³ A copia do proxecto ten que estar asinada polo/a responsable do crédito. Non é necesario que acheguen o texto integro do proxecto, tan só aquelas follas que conteñan os datos que fundamenten a incorporación.

⁴ A copia do programa ten que estar asinada polo/a responsable do crédito. Non é necesario que acheguen o texto integro do programa, tan só aquelas follas que conteñan os datos que fundamenten a incorporación.

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	14/12/2017 13:24:41
Observacións		Páxina	15/34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==		



NOTAS DE APLICACIÓN E DATA LÍMITE PARA A FISCALIZACIÓN DE DOCUMENTOS CONTABLES QUE SE CONFECCIONEN PARA EFECTOS DE XUSTIFICAR A INCORPORACIÓN DE CRÉDITOS

1) Incorporarase única e exclusivamente a contía solicitada conforme ao procedemento. Non se incorporará ningunha contía de forma automática, agás o establecido para o procedemento abreviado.

2) Do informe emitido polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**Situación de créditos por centros**", e, dependendo en cada caso das características do crédito que se van incorporar, soamente se poden solicitar as incorporacións das contías que figuran como:

- Crédito autorizado.
- Crédito comprometido.
- Crédito dispoñible.

Non será posible a incorporación cando o crédito estea na situación de "Crédito reservado"; "Crédito retido" ou "Cr. Obl. y ADOPJ".

As solicitudes de incorporación teñen que facerse aplicación por aplicación. Deste xeito, o informe de "**Situación de créditos por centros**" que se achegue, deberá realizarse a nivel da clasificación orgánica, funcional e **ECONÓMICA** (non son válidos, polo tanto, os informes realizados por clasificación orgánica, independentemente de que nestes se atope cada unha das aplicacións orzamentarias). Soamente se remitirá/n a/as folla/s correspondente/s á modificación de crédito inicial.

3) Co fin de evitar duplicidades, a tramitación das solicitudes de incorporación de créditos deberá centralizarse nun único responsable.

4) As copias de proxectos, convenios ou outra documentación que sexa necesaria remitir para xustificar a incorporación, non teñen que vir completas. Abondará coa portada que identifique o documento, e as follas que xustifiquen a súa incorporación ao exercicio de 2018, debendo en todo caso autenticar coa sinatura do/a responsable da tramitación dita documentación.

5) Cómpre ter en conta as seguintes normas xerais para a entrada dos expedientes no Servizo de Intervención:

- Os expedientes tramitaranse por rigoroso orde de entrada.
- Os expedientes deberán enviarse completos.
- En caso de devolución dun expediente polo Servizo de Intervención tramitarase a partires da súa reentrada no dito servizo.

6) O proceso de incorporación rematará no prazo establecido no apartado 2º-g) deste procedemento.

7) Cando deba tramitarse prioritariamente o pago de obrigas, no exercicio 2018, que correspondan a créditos comprometidos (fases "D"/"AD") no exercicio 2017, fiscalizadas de conformidade, os expedientes de incorporacións afectados remitiranse individualizadamente ao Servizo de Intervención, debidamente identificados, para o seu trámite preferente.

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	14/12/2017 13:24:41
Observacións		Páxina	16/34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==		



ANEXO I

Relación de proxectos de incorporación abreviada:


- Nacionais.
- Actuacións de Infraestruturas.
- Europeos.

Código Seguro De Verificación	GNTib/91AshhblaTMP3QYg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicexer. de Asuntos Económicos e Análise de Custos Yolanda Calaza Parajes	Asinado	14/12/2017 13:24:41
Observacións		Páxina	17/34
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/GNTib/91AshhblaTMP3QYg==		




**RELACIÓN DE PROXECTOS NACIONAIS SUXEITOS AO PROCEDEMENTO DE INCORPORACIÓN ABREVIADA.
APARTADO 1º DO PROCEDEMENTO DE INCORPORACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO DE GASTOS DE 2017 AO 2018.**

Código	Título	Inicio	Fin	Partida orzamentaria	Centro
